

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 7 de marzo de 2006 pola que se dispón a concesión de axudas a persoas físicas e xurídicas por razón de interese social ou humanitario.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten establecida unha liña de axudas que, baixo a rúbrica orzamentaria de «a familias e institucións sen fins de lucro», se dedica á cobertura de necesidades xurdidas por razón do seu interese social ou humanitario.

As ditas axudas, fundamentadas no acaecemento de feitos imprevisibles e de urxente atención, teñen carácter meramente paliativo e destínanse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas que, polas súas circunstancias requiren dunha actuación perentoria na obtención de recursos polos afectados, de tal xeito que alcancen a complementar ou aliviar a carencia de recursos, sen pretender, segundo os casos presentados, solucións plenas á problemática que poida presentarse. Polos ditos motivos propóñense uns mecanismos de tramitación e resolución que, sen prexuízo da obxectividade da concesión e garantías na súa aplicación, faciliten a cobertura, curso e resolución sobre as peticións que se formulen.

Na súa consecuencia, tendo en conta a experiencia de anos anteriores, convén introducir nesta convocatoria uns criterios básicos nos que se fundamenten as resolucións sobre as peticións que se reciban, de tal xeito que non xeren expectativas que non poidan ser satisfeitas por razón das limitacións dos créditos e da propia índole da convocatoria e, por outra banda, que a consellería estea en situación de facer fronte ao número crecente de solicitudes que se van producindo cada ano.

Por todo iso, en uso das atribucións que teño conferidas,

DISPOÑO:

Primeiro.-A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá conceder axudas económicas por razón de interese social ou humanitario ata un límite de 98.281 €, con cargo á aplicación orzamentaria 06.01.121A.480.0, existindo crédito suficiente na partida indicada no orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (Lei 7/2005, do 29 de decembro).

Poderán solicitar as devanditas axudas as persoas físicas e xurídicas que cumpran os requisitos establecidos na presente orde de convocatoria.

Segundo.-A concesión das ditas axudas baséase nos seguintes criterios:

1. Emerxencia dos feitos, demostrados polos peticionarios.

2. Necesidade urxente de recursos económicos para paliar ou solucionar, segundo os casos, as causas sobrevidas.

3. Carencia de medios económicos propios ou dos obtidos por outros medios para facer fronte á situación denotada.

4. Incidencia, se é o caso, no contorno social ou comunitario no sentido ao que se dedica esta convocatoria.

Terceiro.-As solicitudes, formalizadas nos correspondentes modelos que figuran como anexos, poderán acollerse a algunha das seguintes modalidades:

1. Persoas físicas: son axudas destinadas á cobertura de necesidades de orde individual ou familiar. Formularanse no anexo I.

2. Persoas xurídicas: teñen por fin atender as necesidades presentadas polas entidades que teñan como obxectivo o desenvolvemento de accións ou programas de interese social e non dispoñan de axudas a través doutros organismos ou institucións.

Formularanse no anexo II.

Cuarto.-Considéranse situacións de emerxencia individual ou familiar, no referido ás persoas físicas, aquelas que demanden atención económica urxente para cubrir as necesidades de carácter básico e urxente, entre outras similares, as seguintes:

1. As derivadas de perda, inadecuación ou dotación básica da vivenda individual ou familiar.

2. As destinadas a cubrir necesidades básicas derivadas de problemas de alimentación, vestido, atención sanitaria, educación e outras de natureza análoga non cubertas regularmente polos diferentes sistemas de protección.

3. As encamiñadas a promover a inserción ou recuperación de persoas en situación de marxinação social, que non teñan cuberta esta atención por outros medios.

Quinto.-Os interesados na obtención destas axudas deberán dirixir as súas solicitudes ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante a súa presentación no rexistro xeral da Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, edificios administrativos San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), a través das delegacións provinciais da consellería ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes deberán cubrirse, preferentemente, á máquina ou en letras maiúsculas.

Sexto.-Documentación.

1. Persoas físicas: xuntarán á solicitude, conforme o anexo I, a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI do solicitante.

b) Orzamento dos gastos para os que solicita axuda.

c) Informe social emitido por asistente social que, no caso de non prestar os seus servizos nalgunha das administracións públicas, deberá indicar o número de colexiado (anexo IV).

d) Ficha de solicitude de transferencia bancaria selada e asinada pola entidade (anexo III).

e) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma axuda das distintas administracións públicas competentes, coa que se entenderá cumprido o mesmo requisito exixido previo ao derradeiro pagamento.

2. Persoas xurídicas: xuntaranlle á solicitude, conforme o anexo II, a seguinte documentación:

a) Memoria e orzamento da acción ou programa para o que solicitan axuda económica.

b) Ficha da solicitude de transferencia bancaria selada e asinada pola entidade (anexo III).

c) Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma axuda das distintas administracións públicas competentes, coa que se entenderá cumprido o mesmo requisito exixido previo ao derradeiro pagamento.

Sétimo.-Os defectos, erros ou ausencia na presentación da documentación a que se refire o artigo anterior deberán ser reparados ou completados, se é o caso, no prazo de 10 días a partir da notificación do seu requirimento, quedando sen efecto aquelas solicitudes que non cumpran co referido trámite.

Oitavo.-As solicitudes presentadas por unidade familiar, así como as das persoas xurídicas, excluírán calquera outra presentada separadamente por outros membros destas.

Noveno.-No impreso de solicitude deberá figurar a exposición de motivos que fundamente a petición e as razóns de interese social ou humanitario en que se basee.

Décimo.-Exclusivamente no caso de persoas físicas, a solicitude de axuda poderá ser presentada por terceiras persoas, organismos ou institucións, os cales, para tal fin, cubrirán en todos os seus extremos o impreso de solicitude.

Décimo primeiro.-A Secretaría Xeral desta consellería, á vista das solicitudes recibidas ao abeiro da presente disposición, elevaralle informe e proposta ao conselleiro, que resolverá.

Décimo segundo.-Poderá acordarse no momento de concesión un anticipo de pagamento do 80% e o importe restante aboarase no momento de completar a xustificación (factura).

Décimo terceiro.-Estas axudas son compatibles coas que puidesen percibir para o mesmo concepto doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que a contía non supere o 100% do orzamento remitido.

Décimo cuarto.-O beneficiario terá as seguintes obrigas:

a) Xustificar o emprego da subvención no prazo de 30 días a partir do cobramento desta, mediante o envío das facturas (orixinal ou copia compulsada).

b) O reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas,

no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo quinto.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Décimo sexto.-O prazo de presentación das solicitudes queda aberto desde a entrada en vigor desta orde ata o día 1 de outubro de 2006.

Décimo sétimo.-De conformidade co disposto polo artigo 43.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común polo que se aproba a relación de procedementos nos que a falta de resolución expresa da Administración produce efectos desestimatorios ou estimatorios, no caso de non recaer resolución en prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Disposicións adicionais

Primeira.-Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Polo tanto, o recurso de reposición potestativo interporase consonte os artigos 116 e 117 da devandita lei.

O recurso contencioso-administrativo rexerese pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e, particularmente no concernente aos prazos para interpolo, polo artigo 46 da dita lei.

Segunda.-No non previsto nesta orde haberá que estar ao establecido pola Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da nosa Comunidade Autónoma para o ano 2006, polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
 XUSTIZA

ANEXO I
PERSOA FÍSICA

PROCEDEMENTO AXUDAS POR RAZÓNS DE INTERESE SOCIAL OU HUMANITARIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR710A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO PETICIONARIO (Engadir fotocopia do DNI)

APELIDOS		NOME		NIF	
IDADE		ESTADO CIVIL OU CIRCUNSTANCIA FAMILIAR			
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL		TELÉFONO	
DATOS CONTA BANCARIA: ENTIDADE		ENDEREZO		NÚMERO DE CONTA OU CARTILLA	

Se é necesario, datos da persoa ou entidade que presenta a solicitude:

D./DNA.		DNI		EN CALIDADE DE	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL		TELÉFONO	

MOTIVOS QUE FUNDAMENTAN ESTA SOLICITUDE

(Pódese continuar no dorso ou engadir cantos informes e datos considere de interese)

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de marzo de 2006 pola que se dispón a concesión de axudas a persoas físicas e xurídicas por razón de interese social ou humanitario.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO II
 PERSOA XURÍDICA



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
 XUSTIZA

PROCEDEMENTO AXUDAS POR RAZÓNS DE INTERESE SOCIAL OU HUMANITARIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR710A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO PETICIONARIO (Engadir fotocopia do CIF)

ENTIDADE		Nº DE INSCRICIÓN NO REXISTRO		CIF
FINS PRINCIPAIS				
DOMICILIO SOCIAL			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	
DATOS CONTA BANCARIA: ENTIDADE		ENDEREZO	NÚMERO DE CONTA OU CARTILLA	

DATOS DA PERSOA QUE SUBSCRIBE A SOLICITUDE (Engadir fotocopia do DNI)

D. /DNA.			DNI	
ENDEREZO			LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		

MOTIVOS QUE FUNDAMENTAN ESTA SOLICITUDE

(Pódese continuar no dorso ou engadir cantos informes e datos considere de interese)

CERTIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D. / Dna. _____, na súa calidade de _____ da entidade, CERTIFICA que o peticionario posúe representación e capacidade de abondo para formular a presente solicitude, así como para percibir, se é o caso, a axuda solicitada.
 (Sinatura e selo)

OBSERVACIÓNS

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 7 de marzo de 2006 pola que se dispón a concesión de axudas a persoas físicas e xurídicas por razón de interese social ou humanitario.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO III

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

PROCEDEMENTO AXUDAS POR RAZÓNS DE INTERESE SOCIAL OU HUMANITARIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR710A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO PERCEPTOR

NOME		DNI/CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

(PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)TIPO DE PERCEPTOR RELACIÓN PERCEPTOR-ADMINISTRACIÓN SECTOR INDUSTRIAL ACTIVIDADE ECONÓMICA **DATOS BANCARIOS**

DÍXITO CONTROL	CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	NOME BANCO E SUCURSAL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> RÚA..... POBOACIÓN.....C.P.....	<input type="checkbox"/> (Sinatura e selo do banco)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de marzo de 2006 pola que se dispón a concesión de axudas a persoas físicas e xurídicas por razón de interese social ou humanitario.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
 XUSTIZA

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS POR RAZÓNS DE INTERESE SOCIAL OU HUMANITARIO</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>PR710A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	---	--------------------------------

INFORME EMITIDO POR		ASISTENTE SOCIAL DO CONCELLO	
TELÉFONO	DATA DO INFORME	DIRIXIDO AO CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	
MOTIVO (NECESIDADE SOBREVIDA)			

1.- DATOS PERSOAIS

NOME	IDADE	DNI
------	-------	-----

2.- DATOS FAMILIARES

<i>PARENTESCO</i>	<i>NOME</i>	<i>IDADE</i>

3.- SITUACIÓN ECONÓMICA E LABORAL

--

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 7 de marzo de 2006 pola que se convocan subvencións para a mellora de establecementos de cafetarías, cafés, bares e restaurantes.

A oferta turística de Galicia comprende unha ampla variedade de establecementos de hostalaría e servizos. En moitos casos por mor da súa situación xeográfica ou pola falta de recursos de variada índole os ditos establecementos demandan accións de mantemento e reforma axeitadas. Estámonos a referir aos cualificados como cafetarías, cafés, bares e restaurantes.

Para os efectos de melloralos e así, deste xeito, axudar á mellora global da oferta turística de Galicia é polo que, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Innovación e Industria asignados para esta finalidade, con base no establecido sobre medidas de fomento nos artigos 73 e 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo e de acordo co determinado no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, convócanse axudas destinadas á mellora de establecementos de cafetarías, cafés, bares e restaurantes en funcionamento. Por iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Poderán ser obxecto de subvención, de conformidade co que se establece nesta orde, as accións encamiñadas á mellora dos servizos sanitarios e as cociñas de establecementos de cafetarías, cafés, bares e restaurantes que impliquen dar cumprimento, na súa totalidade, ás condicións establecidas no artigo 3º da presente orde.

Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias

As ditas concesións, que se rexen polos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, imputaranse á aplicación orzamentaria 10.06.651A.770.3 e a elas destínase un crédito máximo de 800.000 euros sendo nestas axudas posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente estea establecido.

Os proxectos que se contemplan nesta orde como accións subvencionables poderán acadar unha axuda económica de ata un 40% do investimento subvencionable cun importe máximo de 5.000 euros. No caso de servizos sanitarios e de 9.000 euros no caso das cociñas.

a) Respecto aos servizos sanitarios, o investimento subvencionable non poderá ser inferior a 900 €.

b) Respecto ás cociñas, o investimento subvencionable non poderá ser inferior a 1.800 €.

Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios de subvencións para a mellora de establecementos de cafetarías, cafés, bares

e restaurantes os titulares (personas físicas, comunidades de bens, etc.) en calquera das formas de posesión que determina o Código Civil de establecementos de cafetarías, cafés, bares e restaurantes en funcionamento.

O solicitante non debe ter imposta ningunha sanción mediante resolución firme que supoña a perda do dereito a obter subvencións.

O solicitante non debe ter recibido nos últimos 3 anos ningunha axuda das administracións ou organismos públicos ou privados para o mesmo obxecto para o que se solicita subvención.

1. Será requisito imprescindible para acceder á subvención que os establecementos para os que se solicita estean inscritos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia antes do remate do prazo que, para a presentación de solicitudes, se establece na presente orde. Debendo estar inscrito co nome comercial actual do establecemento e a nome do titular que opte á subvención.

2. Os servizos sanitarios, logo da execución do investimento subvencionado, terán que cumprir as seguintes condicións:

a) Serán independentes para donas e cabaleiros.

b) Contarán, como mínimo, coas seguintes dotacións:

1) Un lavabo e un inodoro con descarga automática de auga. No caso de servizos de cabaleiros tamén contarán con urinario.

2) Ventilación directa ou asistida con renovación de aire.

3) As paredes, chans e teitos serán impermeables e estarán revestidos de materiais de doada limpeza.

4) Xabón líquido, toallas dunha soa utilización ou secador de mans.

5) Recipiente hixiénico para o depósito do lixo.

3. Respecto das cociñas, poderán ser obxecto de subvención:

-A renovación e mellora de pavimentos e alicatados que deberán ser impermeables e revestidos de materiais de doada limpeza.

-As obras encamiñadas á mellora e garantía da ventilación directa ou forzada en todas as dependencias.

-A instalación de lavamans de accionamento non manual en zonas de elaboración, manipulación e envasado de comidas preparadas.

-Bens de equipo tales como renovación de cociñas, cámaras frigoríficas, pranchas, aparatos de conservación de alimentos, etc., de uso industrial.

Non se considerará obxecto de subvención a adquisición de viveiros, menaxe, vaixelas o análogo nin a renovación do mobiliario ou adquisición de pequenos electrodomésticos.

4. Os proxectos que se subvencionen non poderán estar comezados antes da visita da Inspección sobre a comprobación do seu estado, e estarán rematados con tempo dabondo para xustificar o investimento subvencionado dentro dos prazos establecidos nesta orde.

Non se computará como subvencionable ningún tipo de imposto, taxa ou prezo público.